

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de auxiliar administrativa (funcionaria interina) para o programa SEDAF-infancia do Concello de Culleredo

ANUNCIO

Nomeamento de auxiliar administrativa (funcionaria interina) para o programa SEDAF-infancia do Concello de Culleredo.

Por resolución núm. 509 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior do 20 de marzo de 2024 resolveuse o seguinte que en extracto di:

“Primeiro.- Cesar a dona María Dosinda Viso Angeriz , con DNI núm. ***9219** como funcionaria interina auxiliar administrativa, grupo C2, nomeada por resolución do sr. Alcalde núm. 1573 do 30 de agosto de 2023 no posto de auxiliar administrativa, do servizo de educación e cultura, código RPT: CE.1.4.02 da relación de postos de traballo.

Segundo.- Nomear a dona María Dosinda Viso Angeriz , con DNI núm. ***9219** como funcionaria interina auxiliar administrativa, grupo C2, para o programa Servizo social comunitario básico complementario do actual SEDAF a denominar: “SEDAF-infancia” (“Servizo de educación e atención psicosocial a familias de especial consideración con fillas e fillos menores ao seu cargo”), cunha xornada completa durante un prazo inicial de catro (4) meses, ampliables ata o 6 de xullo de 2025.

(.../...)

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Culleredo, 3 de abril de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2024/2222